



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 12 DE XANEIRO DE 2017
LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro

D. ALBERTO BLANCO CARRACEDO
Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro do PP

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira do PsdeG-PSOE

D. LUIS RENDO ARAUJO
Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA
Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS
Concelleira

GRUPO BNG

... .

SECRETARIA ACCTAL.

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

INFÓRMATICO

D. DIEGO PERNAS

FALTAN Á SESIÓN

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO
Concelleiro do PsdeG-PSOE

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira do PsdeG-PSOE

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS
Concelleira do PsdeG-PSOE

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro do BNG

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas trinta minutos do día doce de xaneiro de dous mil dezasete, reúnese no Salón de Sesiós o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, Dna. M^a Jesusa Fernández Bascuas.

A sesión celébrase previa convocatoria, dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde-Presidente, dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 1 DE DECEMBRO 2016. Dada conta da acta corresponde á sesión ordinaria celebrada o 1 de decembro de 2016, apróbase por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 26 DE DECEMBRO DE 2016. Dada conta da acta corresponde á sesión extraordinaria celebrada o 26 de decembro de 2016, apróbase por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

3°.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO Á APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS E PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DA ESTRADA.

O **Sr. Alcalde** outorga a palabra ao Concelleiro delegado de Medio Ambiente, D. Juan M. Constenla Carbón, para explicar o asunto que se trata neste punto.

O **Sr. Constenla Carbón** comenza a súa intervención dicindo que, debido á necesidade de limpar os terreos existentes no casco urbano e no núcleo rural, se elaborou a Ordenanza que se trae para a súa aprobación co fin de obrigar aos propietarios dos ditos terreos para que procedan á súa limpeza e así evitar riscos de incendios e tamén por causas de salubridade. Explica que, ademais de regular a limpeza de terreos, tamén a Ordenanza recolle e regulación de plantacións en lindeiros así como os peches arbustivos que separan fincas colindantes.

Continúa dicindo que, na Comisión Informativa á que se someteu a devandita Ordenanza, se ditaminou a corrección de diversos puntos da mesma, así como esixir un aval aos madeiros co gallo de facer fronte aos desperfectos que poidan xurdir como consecuencia da tala de árbores e ocasionados nos viais municipais, e tamén a fixación dunhas normas subsidiarias que permitan o acceso a aqueles terreos para proceder á súa limpeza por causa de non facelo os seus propietarios. Finalmente, o Ditame acadado foi cos votos favorables do Partido Popular e as abstencións dos demais grupos políticos.

Toma a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, manifestando que considera necesario regular a limpeza e desbroce de certos espazos rurais e urbanos así como solucionar o problema do estado en que quedan os viais despois da tala de árbores, polo que o seu grupo político vai a votar a favor da aprobación da Ordenanza reguladora que se propón neste punto da Orde do Día, deixando a porta aberta para mellorar a mesma en base a operatividade e ás posibles alegacións que poidan xurdir durante a exposición pública.

Intervén a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, manifestando o seu voto a favor da aprobación desta Ordenanza unha vez introducidas as modificacións propostas na Comisión Informativa de data 04/01/2017, pedindo que se retome novamente o Plan municipal contra incendios elaborado no ano 2011, o cal non chegou a entrar en vigor por falta de publicación, polo que considera necesario actualizalo adaptándolo á lexislación en vigor, procedendo posteriormente á súa publicación e posta en vigor.

O **Sr. Constenla Carbón** aclara que o Plan contra incendios foi aprobado no seu momento, sen embargo, coa entrada en vigor da nova Lei de Montes, se conta cun prazo de dous anos para adaptalo ás novas distancias de plantacións, polo que pronto se procederá á contratación dunha empresa para que proceda a adaptar á nova cartografía establecida pola devandita Lei, dicindo que antes do verán se contempla ter solucionado este tema.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para agradecer a todos os grupos políticos municipais a súa colaboración para a elaboración desta nova Ordenanza, e así poder poñer fin á problemática existente neste concello no que se refire a eses terreos existentes no casco urbano e rural faltos de limpeza que están a provocar problemas de salubridade e risco de incendio.

Pide novamente a palabra a **Sra. Belén Louzao** para facer unha pregunta sobre o contido da Disposición Transitoria da Ordenanza, xa que nela se sinala que as plantacións forestais existentes antes da entrada en vigor da presente

ordenanza e que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos que se atoparan a unha distancia menor á regulada no artigo 7 da presente Ordenanza (0,50 m do lindeiro), disporán dun período máximo de dous anos para se adaptaren á citada disposición, preguntando se tamén afecta aos lindeiros dos peches arbustivos e á súa altura.

Contesta o **Sr. Constenla Carbón** que o importante e o que se refire aos lindeiros entre plantacións e peches, xa que a altura está regulada noutras disposicións anteriores que establecen xa a altura máxima de 2,5 metros.

Intervén o **Sr. Alcalde** para aclarar, con respecto aos peches arbustivos, que nesta Ordenanza se establece unha distancia mínima de medio metro (0,50 m) do lindeiro para a plantación dos arbustos que forman o peche, e na Disposición Transitoria se di que aqueles peches que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos disporán dun período máximo de dous anos para adaptarse ao establecido na nova Ordenanza, e aqueles que teñan unha antigüidade superior a 5 anos, non terán que facelo.

A **Sra. Belén Louzao** considera necesario que se inclúa nesta Disposición Transitoria os peches arbustivos.

O **Sr. Alcalde** ordena que, antes da súa publicación, se proceda á modificación da devandita Disposición Transitoria, a cal quedaría redactada do seguinte xeito: *"As plantacións forestais e os peches arbustivos existentes á entrada en vigor da presente ordenanza que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos que, como consecuencia da súa aplicación, se atoparan a unha distancia menor a regulada no seu artigo 7, disporán dun período máximo de dous anos para se adaptaren á citada disposición, agás que dispoñan da autorización do órgano competente da Xunta de Galicia en materia forestal"*.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguintes **ACORDO**:

Vista a Providencia da Alcaldía de data 24/11/2016.

Vista a Ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos e protección contra incendios forestais do Concello da Estrada.

Visto o informe emitido con data 25/11/2016 pola Secretaría Xeral.

Vista a proposta da Alcaldía de 02/01/2017, relativa á aprobación inicial da devandita Ordenanza.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, en sesión do 04/01/2017.

Vistas as modificacións propostas no debate desta sesión á Ordenanza inicial.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar a ORDENANZA REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS E PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DA ESTRADA e que se transcribe a continuación:

"ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS E PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DA ESTRADA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De conformidade coa potestade regulamentaria atribuída polos artigos 4.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Concello da Estrada, por medio da presente ordenanza, propón a regulación da obriga da limpeza de terreos no solo urbano, no de núcleo rural e no urbanizable delimitado, no ámbito das súas competencias, co obxecto de conseguir as condicións axeitadas de salubridade e seguridade para previr e evitar os incendios, e protexer deles as infraestruturas e os equipamentos sociais, as zonas edificadas e as áreas forestais e naturais de valor especial.

A presente ordenanza é de aplicación no marco do disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, na Orde do 31 de xullo de 2007 pola que establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal e tamén na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Finalidade

Esta ordenanza ten natureza non fiscal e a súa finalidade é establecer as condicións para levar adiante a limpeza de terreos e a fixación das distancias para plantacións nos terreos clasificados como urbanos, de núcleo rural ou urbanizables delimitados sitos no termo municipal da Estrada.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

A presente ordenanza é de obrigado cumprimento para as persoas responsables, conforme ao definido no artigo 4, que teñan os seus terreos dentro do termo municipal de A Estrada.

Conforme ao disposto no artigo 4.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a presente ordenanza será de aplicación en todo o non previsto pola lexislación básica.

Artigo 3. Persoas responsables

Para os efectos desta ordenanza, entenderanse como persoas responsables as persoas titulares ou, no seu caso, as titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos urbanos, urbanizables delimitados e de núcleo rural, así como as administracións, as entidades ou as sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión (ou cedida esta competencia en virtude dalgunha das formas previstas legalmente) das vías de comunicación e das liñas de transporte de enerxía eléctrica, sobre os tipos de solo referidos anteriormente.

Artigo 4. Definicións

Para os efectos desta ordenanza, defínense os seguintes termos:

SOLO URBANO: Terreos que o plan urbanístico municipal definira e clasificara como tal en virtude do disposto no artigo 16 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia ou da norma que a substitúa.

NÚCLEOS RURAIS: Terreos que se incluían dentro dos núcleos rurais delimitados no plan municipal, de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia ou da norma que a substitúa.

SOLO URBANIZABLE DELIMITADO: Terreos que, sen teren a condición de solo urbano, de núcleo rural nin de solo rústico, o plan urbanístico definira e clasificara como tal ao poderen ser obxecto de transformación urbanística nos termos fixados no artigo 27 da antedita Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia ou da norma que a substitúa.

XESTIÓN DA MASA VEXETAL: A creación e mantemento da descontinuidade horizontal e vertical da carga de combustible, a través do control ou eliminación parcial ou total da masa vexetal por medio do emprego das técnicas máis recomendadas e coa intensidade e frecuencia para o cumprimento do obxecto previsto nesta ordenanza. Tendo en conta que os terreos sitos en solo urbano, en núcleo rural ou en urbanizable delimitado teñen unha natureza residencial, polo que os riscos para os bens e as persoas por motivos de incendios de vexetación deben minorarse drasticamente e primar a seguridade.

CAPÍTULO II. DA XESTIÓN DA MASA VEXETAL (LIMPEZA DE TERREOS)

Artigo 5. Xestión da limpeza de terreos

As persoas responsables terán a obriga de limpar os terreos incluídos en solo urbano, urbanizable delimitado ou de núcleo rural, conforme aos criterios establecidos nesta ordenanza, así como mantelos nas debidas condicións de seguridade e salubridade, para o que os deberán desinfectar e desratizar periodicamente.

Artigo 6. Criterios de limpeza de terreos

1.- Consonte ao disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as persoas responsables dos terreos sitos en solo urbano, urbanizable delimitado ou núcleo rural deberán acometer os criterios de limpeza de terreos establecidos neste artigo para cada clase de terreo, en todo caso, antes do 30 de xuño de cada ano.

2.- Nos terreos clasificados como solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado, as persoas responsables deberán facer a limpeza de terreos na totalidade da parcela conforme aos seguintes criterios:

a) Roza para a eliminación do estrato herbáceo e arbustivo, sempre que supoña un mínimo risco para a propagación dos incendios incontrolados de vexetación.

b) Poda e rareo do estrato arbóreo de forma que se manteña unha descontinuidade horizontal entre as copas das árbores e vertical entre as copas e os estratos herbáceo e arbustivo. Este criterio non será aplicable en parques e xardíns municipais, árbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un mínimo risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación.

3.- Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21.3 da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, xestionar a biomasa vexetal (limpar a maleza) nunha franxa de 50 metros perimétrica ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, sitas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión de biomasa estipulados na Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non se poderán atopar as especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, que se recollen no anexo I desta ordenanza. As distancias mediranse desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, de ser o caso. As distancias no caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións mediranse desde o seu paramento. No caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, mediranse desde o límite das instalacións.

No caso de cámpings, gasoleiras e industrias en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, as distancias para as especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007 serán de 50 metros desde o límite das instalacións. No caso dos cámpings, esta distancia medirase desde o peche perimétrico.

4.- Tal e como establece a disposición transitoria terceira Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais, mentres non se definan as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, serán directamente aplicables as obrigas derivadas do disposto no artigo 21 da lei, descritas no punto 3 deste artigo.

Artigo 7. Peches arbustivos

1.- Os cerramentos de fincas poden ir extradorsados ou directamente construídos con sebes vivas ou uz, para o que se empregará calquera das especies convencionalmente usadas para estas disposicións. Estes arbustos plantaranse a unha distancia mínima de medio metro (0,50 m) do lindeiro.

2.- A persoa titular da sebe ten a obriga, a súa custa e cunha periodicidade polo menos anual, de podar a sebe na súa totalidade e deixala á mesma altura que o peche da parcela, é dicir, dous metros e medio (2,5 m) medidos desde a rasante do interior da parcela.

A sebe ou plantación deberá manterse sempre podada en horizontal para que non invada as vías públicas nin a parcela veciña lindeira.

Artigo 8

Ata o 31 de maio de cada ano, o Concello exercerá a súa competencia inspectora e verificará que se cumpran cos requisitos de limpeza e protección contra os incendios establecidos na presente ordenanza. Mediante o correspondente expediente, e tras a audiencia coas persoas interesadas, ordenará a execución dos labores de limpeza e conservación de terreos, coa finalidade de que estes terreos manteñan as debidas condicións, con indicación do prazo de realización e do custo aproximado dos labores. Cando a natureza dos labores así o requira, o Concello esixirá á persoa obrigada a solicitude dunha licenza acompañada da documentación correspondente.

O Concello tamén actuará a instancia de calquera persoa interesada e será o encargado de verificar o estado das parcelas ás que se faga referencia.

Artigo 9. Execución subsidiaria

Se as persoas responsables non realizan os traballos de limpeza de terreos nos prazos fixados polo Concello, o Concello poderaos levar adiante, logo do apercibimento previo en forma e sen prexuízo da imposición, tras a tramitación do expediente oportuno, das sancións procedentes.

Os custos derivados deses traballos repercutirán, se é o caso, nas persoas responsables, e cobraranse, de ser o caso, os gastos que se lle ocasionen ao Concello a través do procedemento de prema.

CAPÍTULO III. DAS DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS

Artigo 10. Prohibicións e distancias das repoboacións forestais e plantacións

1. De conformidade co disposto na Lei 7/2012 de montes de Galicia, quedan prohibidas as repoboacións forestais nos terreos clasificados como solo urbano, urbanizable delimitado e de núcleo rural.

2. No seu caso, as repoboacións forestais preexistentes antes da entrada en vigor da Lei 7/2010 de montes de Galicia deberán adecuarse para gardar, respecto das edificacións, vivendas illadas, pozos, e instalacións industriais, a distancia mínima de 15 metros cando se trate de especies frondosas (anexo II desta ordenanza), e de 30 metros no resto de especies, tal e como establece a Lei 7/2012 de montes de Galicia.

3. Nos supostos de plantacións de árbores froiteiras, sebes ou árbores ornamentais, as distancias serán as fixadas na correspondente ordenanza urbanística deste concello e, de non existir, serán as fixadas polo recollido, nestre extremo, no Código Civil.

Artigo 11. Comunicacóns previas e permisos para cortas

1. As cortas e os abatementos de árbores que constituían masa arbórea, espazo boscoso, arboredo ou parque en solo urbano, núcleo rural e urbanizable delimitado estarán suxeitas ao réxime de comunicacón previa neste Concello.

2. Así mesmo, segundo o establecido na disposición transitoria quinta da Lei 7/2012 de montes, o aproveitamento das masas forestais existentes no momento da entrada en vigor da Lei 7/2012 en solos urbanizables delimitados estará sometido ao réxime de autorizacións da citada lei ata o desenvolvemento urbanístico dos citados solos, momento en que precisarán da licenza municipal descrita no punto 1 deste artigo.

3. Co gallo de garantir a conservación da rede viaria municipal, será necesario solicitar unha autorización para o transporte da madeira procedente da corta que se realice nas plantacións existentes no municipio da Estrada. Na solicitude especificarase a situación da parcela de onde se vai sacar a madeira cortada, os camiños ou vías públicas por onde se leve a cabo o transporte, as características dos vehículos empregados, así como os días previstos para o ditotransporte, e xuntarase unha fotocopia do permiso da corta da administración forestal cando sexa necesario. A autorización municipal para o transporte será obrigatoria e gratuíta.

4. As empresas madeireiras deberán de depositar unha fianza en metálico ou aval bancario en favor do Concello, co obxecto de responder dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza. Para os efectos desta fianza (que deberá de ser depositada coa comunicacón previa) establécense as seguintes contías:

- Volume de corta inferior a 300 metros cúbicos: 500,00 €
- Volume de corta entre 300 e 1.000 metros cúbicos: 1.500,00 €
- Volume de corta superior a 1.000 e ata 3.000 metros cúbicos: 4.000,00 €
- Volume de corta superiores a 3.000 metros cúbicos: 6.000,00 €

Artigo 12 Obrigas nas operacións de corta e saca de madeira

1.- O/a madeireiro/a debe limpar os residuos da corta da madeira, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. Esta obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada

2.- Así mesmo, está obrigado/a a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito da madeira, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria

3.- O/a madeireiro/a ou a persoa responsable da corta identificada na comunicacón ao Concello, deberán derrubar e repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastradas non inunden e causen danos nas pistas, camiños municipais ou parcelas colindantes.

CAPÍTULO IV. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 13. Competencia

Corresponde ao Concello de A Estrada, a través da alcaldía ou do concelleiro no que delegue, a inspección e a sanción das infraccións, tras a instrución do correspondente expediente, das obrigas reguladas nesta ordenanza.

Cando se detecten infraccións de índole penal ou de competencia doutras administracións, darase conta inmediata delas á autoridade ou ao organismo que corresponda.

Artigo 14. Clasificación das infraccións

Considéranse infraccións administrativas, en relación coas materias ás que se refire esta ordenanza, os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido.

As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Artigo 15. Infraccións leves

a) Constitúen unha infracción leve as condutas constitutivas de infracción reguladas nesta ordenanza cando non deban cualificarse como graves ou moi graves.

b) Non realizar as tarefas recollidas neste documento cos criterios regulados nesta ordenanza.

Artigo 16. Infraccións graves

a) Non realizar as tarefas recollidas neste documento cos criterios establecidos nesta ordenanza, unha vez notificada a súa obriga e despois de notificar a valoración do custo desas tarefas, cando exista risco inminente de incendio para as vivendas e persoas.

b) Non permitir o acceso ao persoal de vixilancia para a inspección dos terreos.

c) A negativa a subministrar información á autoridade municipal, funcionarios/as e axentes no cumprimento das súas funcións.

d) A realización de plantacións sen gardar as distancias establecidas na presente ordenanza.

e) A realización de plantacións nos lugares expresamente prohibidos na presente ordenanza.

f) A reincidencia en infraccións leves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción leve, cando así fose declarado por resolución firme.

Artigo 17. Infraccións moi graves

a) Cando houbese grave repercusión nos recursos naturais.

b) A reincidencia en infraccións graves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción grave, cando así fose declarado por resolución firme.

c) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios/as e axentes.

Artigo 18. Sancións

1) As sancións aplicables serán as seguintes:

a) Por infraccións leves: multa desde 100 a 600 €.

b) Por infraccións graves: multa desde 601 a 1500 €.

c) Por infraccións moi graves: multa desde 1501 a 6000 €.

2) As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios:

a) Grao de intencionalidade.

b) Contía do beneficio obtido.

c) Natureza dos prexuízos causados.

Disposición adicional

Como anexo I a esta ordenanza inclúese a relación de especies non permitidas nas redes secundarias de xestión de biomasa, recollidas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais; e como anexo II a relación de especies de frondosas, recollidas do anexo I da Lei 7/2012 de montes de Galicia.

ANEXO I. Relación de especies non permitidas nas redes secundarias de xestión da biomasa: piñeiro do país, piñeiro silvestre, piñeiro de Monterrey, piñeiro de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, queiruga, carqueixa, xesta, carpaza, piorno, fento, silva e toxo.

ANEXO II. Relación de especies de frondosas: ameneiro, pradairo, bidueiro, freixo, castiñeiro, cerdeira, carballo, cerquiño, sobreira, carballo albar, aciñeira, abeleira, faia, umeiro, loureiro, sorbeira do monte, capudre, nogueira e érbedo.

Disposición transitoria

As plantacións forestais e os peches arbustivos existentes á entrada en vigor da presente ordenanza que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos que, como consecuencia da súa aplicación, se atoparan a unha distancia menor a regulada no seu artigo 7, disporán dun período máximo de dous anos para se adaptaren á citada disposición, agás que dispoñan da autorización do órgano competente da Xunta de Galicia en materia forestal.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas as disposicións municipais que contraveñan o disposto na presente ordenanza.

Disposición derradeira

A presente ordenanza entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

Segundo.- Publicar o anuncio do correspondente Acordo no Taboleiro de Editos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal, aos efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo de 30 días, a contar a partires do seguinte á publicación do Anuncio no Boletín Oficial da Provincia, que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro.- Tralo preceptivo trámite de información pública e, de non presentarse reclamacións ou suxestións dentro de prazo, o Acordo, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado, procedéndose a publicar no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro da Ordenanza.

Cuarto.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

4º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 1286/2016, DE 30 DE DECEMBRO, POLO QUE SE APROBA A PRÓRROGA DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2017. Dáse conta do Decreto da Alcaldía nº 1286/2016, de 30 de decembro, que se transcribe literalmente de seguido:

“Tendo en conta que os artigos 169.6 TRLRFL e 21 RD 500/1990 sinalan que “Se ó iniciarse o exercicio económico non entrase en vigor o orzamento correspondente, considerárase automaticamente prorrogado o do anterior cos seus créditos iniciais,...e ata a entrada en vigor do novo orzamento”. As Bases de execución do orzamento municipal 2016 exprésanse nos mesmos termos na súa Base 8ª.

Dado que á data actual non existe Orzamento aprobado para o exercicio 2017, o que constitúe o suposto de feito a que se refiren os artigos 169.6 do TRLRFL e 21 RD 500/1990 antes mencionados.

Dado que o artigo 21.2 do RD 500/1990 sinala que “En ningún caso terán singularmente a consideración de prorrogables as modificacións de crédito nin os créditos destinados a servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados que, exclusivamente, foran a percibirse en dito exercicio” e que de conformidade coa Base 8ª das BEO “A determinación das correspondentes partidas do Orzamento 2016 que non son susceptibles de prórroga por estar comprendidas en algún dos supostos do parágrafo anterior, será establecida mediante Resolución motivada da Alcaldía e previo informe do Interventor”.

Visto o informe de Intervención emitido con data 30 de decembro de 2016.

Esta Alcaldía, en uso das competencias atribuídas na LBRL e na Base 8ª das BEO 2016, RESOLVE:

PRIMEIRO: Que, dada a non aprobación na data legalmente establecida de orzamento municipal para o exercicio 2017, se poña en marcha o mecanismo establecido no artigo 169.6 do TRLRFL e 21 RD 500/1990, consistente na prórroga automática dos créditos iniciais do exercicio 2016.

SEGUNDO: Que, en cumprimento do establecido no artigo 21.2 do RD 500/1990, e de conformidade co procedemento a que se fai referencia na Base 8ª das BEO 2016, sobre os créditos iniciais do exercicio 2016, practicaranse os axustes á baixa relacionados no Anexo á presente Resolución, quedando o resumen xeral por capítulos do Estado de Gastos como segue:

CAP.	EXPRESIÓN	CRÉDITO INICIAL 2016	AXUSTE (-)	PREVISIÓN PRORROGA 2017
1	GASTOS DE PERSOAL	4.850.427,00	168.500,00	4.681.927,00
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	5.685.220,59		5.685.220,59
3	GASTOS FINANCIEROS	102.826,40	278,34	102.548,06
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	609.614,00	355.931,00	253.683,00
6	INVERSIONS REAIS	745.888,00	745.888,00	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	117.018,00	14.000,00	103.018,00
